

**O GOBERNO CENTRAL CONVOCA A MESA DE NEGOCIACIÓN COMPROMETIDA PARA PECHAR UN ACORDO DE RETRIBUCIÓN E DE CONDICIÓN DE TRABALLO NA FUNCIÓN PÚBLICA**

**ESTA CONVOCATORIA RESPONDE AO ESCRITO CONXUNTO QUE UGT E CCOO DIRIXIRON AO GOBERNO DE SÁNCHEZ**

**UN ACORDO PLURIANUAL DEBE GARANTIR O PODER ADQUISITIVO E ISTO INCLÚE REVISAR A ALZA OS INCREMENTOS DE 2% IMPOSTOS NOS PGE 2022.**

UGT Servizos Públicos ve positiva a convocatoria da mesa de negociación, algo que viñamos esixindo conxuntamente con CCOO, pero advirte ao Goberno que para pechar un Acordo, **debe garantirse o poder adquisitivo do persoal empregado público, a calidade do emprego e a mellora substancial das condicións de traballo, que parte necesariamente pola derogación dos recortes do 2012.**

En consecuencia, imos expor a necesidade de pechar un Acordo plurianual, que permita **o mantemento do poder adquisitivo e isto inclúe revisar á alza os incrementos tamén para este ano 2022, fixados imperativamente no 2% nos PGE 2022.** Neste sentido, desde ambos sindicatos xa advertimos que non imos permitir a constante perda de poder adquisitivo, 14 anos sen actualización dos salarios para o persoal do Servizo Exterior, nin deixar atrás ao sector público empresarial, ao que hai que garantirlle o dereito á negociación colectiva e a afectación plena dos Acordos da Función Pública.

O Acordo, que deberá ser plurianual, debe conter outra batería de materias que vimos demandando e que son igualmente prioritarias, como son a implantación da **xornada de 35 Horas**, o desenvolvemento e actualización do EBEP, Estatuto Marco e a Lei de Función Pública da AGE, actualización da Lei de bases de réxime local e derogación da lei de racionalización e sustentabilidade, e cambio normativo en materia de igualdade.

Igualmente é necesario acometer **melloras no acceso ao emprego público** e moi especialmente na **carreira, promoción e clasificación profesional**, así como, entre outros, culminar os compromisos adquiridos en determinados ámbitos, como Institucións Penitenciarias.

En materia de emprego, ademais de levar a bo termo a estabilización das plantillas, resulta de todo imprescindible avanzar na **eliminación de taxa de reposición** e acometer de maneira urxente un plan de emprego para o rexuvenecemento do persoal.

Xunto a estas materias e para a negociación dos PGE 2023, é necesario **acometer outras, non menores, como son a revisión das indemnizacións por razón de servizo ou de residencia, as melloras de haberes reguladores de clases pasivas e a recuperación das achegas aos plans de pensións públicos ou a xubilación anticipada**

Temos razóns dabondo, polo que se non temos resposta inmediata, anunciaremos novas mobilizacións.

## #SalarioOUConflicto